



## Gestilar aterra na Coruña: esencia do norte en Oleiros.

**Gestilar** presenta hoxe o primeiro dos seus novos proxectos de **vivendas exclusivas** en Galicia: **Illa de Santa Cruz** sitúase na área de Oleiros, a uns 7 km de distancia da cidade da Coruña e a escasos 5 minutos da espectacular Praia de Santa Cruz e do Parque As Galeras.

**Gestilar** comeza unha nova etapa con grande ilusión e na que se aposta por Galicia como expoñente que combina á perfección unha contorna verde e natural única, unha tradición gastronómica de recoñecido prestixio e un patrimonio de gran valor cultural.

Descubrides connosco todo o que **Illa de Santa Cruz** vos pode ofrecer?

### **A contorna: calidade de vida e tranquilidade.**

Sabiades que todos os proxectos de **Gestilar** levan por nome unha illa galega? Estas vivendas convértense nas primeiras que se sitúan literal e xeograficamente «na casa», na vila costeira de Santa Cruz, un oasis a carón do mar, coa máis pura esencia do norte.

A súa praia, de area branca e augas tranquilas, ideal para o baño ou para practicar algún deporte acuático, convértese nun recuncho perfecto para relaxarse.

Pola súa banda, o **Parque das Galeras** é un espazo verde con vistas ao mar onde se pode gozar dun paseo pola natureza, desconectar ou facer exercicio. Coidando todo ata o máis

mínimo detalle, este recuncho nun lugar perfecto para perderse e gozar cos sentidos da súa privilexiada situación.



Nun lugar tranquilo, **Illa de Santa Cruz** conta nas súas inmediacións cos servizos e coas comodidades necesarias para o día a día: varios institutos e escolas, centros comerciais, restaurantes, farmacias e diversos puntos de lecer e cultura.

Ademais, posúe unha rede de autobuses diúrnos e nocturnos que comunican a localidade coa Coruña e outros concellos limítrofes, de xeito que se facilite a comunicación e o transporte dos seus veciños.

### **Un deseño único.**

Cun coidado deseño e unha calidade óptima nos seus materiais e acabados, esta urbanización privada de obra nova componse de 46 vivendas de 2, 3 e 4 dormitorios que inclúen 2 prazas de garaxe e 1 rocho, así como zonas comúns con todas as comodidades: piscina comunitaria, ximnasio e parque infantil para poder gozar de actividades ao aire libre.

Buscando a mellor experiencia para os nosos clientes, a distribución das vivendas foi pensada e deseñada con **dobre orientación**. Tamén se poden distinguir dous espazos diferenciados: a zona de día (salón - comedor + cocina), vinculada a amplas terrazas abertas a zonas comúns e ao bulevar, e zona de noite (dormitorios), abertas ao perímetro do bloque e á urbanización interior, máis tranquila e idónea para o descanso.

### **Confort e sostibilidade edificio con Cualificación Enerxética B.**

Continuando co **compromiso de Gestilar** co medio, este proxecto tamén se desenvolveu baixo criterios eco-sostibles, atinxindo a **CUALIFICACIÓN ENERXÉTICA B**, conseguindo unha **diminución das emisións de CO<sup>2</sup>** e tamén unha **redución da demanda enerxética do edificio**.

Queredes saber máis sobre estas vivendas exclusivas? Non dubidedes en consultarnos calquera dúbida ou suxestión!